

Comisión de Enxeñaría Informática

REUNIÓN DO 21 DE XANEIRO DE 2019

A Comisión de Enxeñaría Informática reúnese en segunda convocatoria, ás 10:00 horas na sala x3.1 da ETSE, coa asistencia dos seguintes membros:

- D. Antonio Mosquera Gonzalez, Presidente
- D. David López Vilariño, Secretario
- Dna. María Del Carmen Palacios Oubiña
- Dna. Gracia Frutos Martínez
- D. Francisco J. Pena Brage
- D. José C. Cabaleiro Domínguez
- D. José Ramón Ríos Viqueira

Ausencias xustificadas:

- D. Eduardo Sanchez Vila

Ausencias:

- D. Manuel Lama Penín

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta das reunión do día 12 de decembro de 2018.
2. Informes.
3. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia.
4. Proposta de oferta de número de prazas para o curso 2019/20.
5. Rolda aberta de intervencións

ACORDOS

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do día 12 de decembro de 2018. Apróbase por asentimento.

2. Informes.

O presidente informa que o trámite para a implantación da actualización do plano de estudos atópase actualmente á espera dun informe da CGIACA, polo que a día de hoxe descoñécese se entrará en vigor e, de ser o caso, se o fará para o curso 2019/20.

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)

O coordinador informa de que o 13 de decembro recibíuse unha solicitude de matrícula no GrEI como estudante visitante para o 2º cuadrimestre do curso actual. Unha solicitude equivalente (mesmo estudante e mesmas materias a cursar) foi tratada pola comisión polo procedemento de urxencia e a decisión adoptada ratificada na reunión da comisión do 27 de febreiro de 2018 polo que optouse por manter a mesma decisión sen consultar de novo á comisión.

3. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia.

Ratifícase por asentimento os acordos que se adxuntan a esta acta.

4. Proposta de oferta de número de prazas para o curso 2019/20.

Propónse solicitar un aumento de prazas de Novo ingreso de 100 estudantes. A demanda de acceso actual está a triplicar a oferta e mantén unha tendencia crecente. Por outra banda o alto grao de inserción laboral dos egresados en Enxeñaría Informática (por enriba do 90% nos principais indicadores) motivan esta solicitude.

5. Rolda aberta de intervencións

D. José Carlos Cabaleiro pregunta en que estado atópase a aplicación do Real Decreto-ley 28/2018 polo que as empresas que oferten prácticas non laborales deben dar de alta na Seguridade Social aos estudantes.

O presidente comenta que no curso actual non se vai aplicar. Con todo, a CRUE está levando a cabo conversas cos Ministerios de Ciencia, Innovación e Universidades e de Traballo, Migracións e Seguridade Social dada a complexidade da implantación da devandita medida nas prácticas curriculares e extracurriculares dos estudos universitarios.

As 11:00 remata a reunión da que, como Secretario, estendo esta acta.

ANEXOS

Acordo por Procedemento de Urgencia vía Correo Electrónico
(Acordo da Comisión do 5 de maio de 2015).

PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN/REXEITAMENTO:

DATA: 11 xaneiro de 2019

SOLICITANTE: D. Alejo Becerra Díaz

ASUNTO: Solicitud de informe docente

MOTIVACIÓN: O profesor D. Alejo Becerra Díaz solicita un informe da súa docencia no GrEI e ETIS desde o 1/04/2003 ata 16/12/2016 para a solicitude de complementos por méritos docentes. No periodo mencionado D. Alejo Becerra impartiu docencia nos cursos 2008/09 (Organización de Empresas e Informática, ETIS), 2010/11 e 2012/13 (Organización e Xestión Empresarial, GrEI).

A media das enquisas de estudantes é inferior á media da Titulación nos cursos mencionados pero superior ao 60% desta última. Non presenta actividade adicional na Escola (participación en comisións, organización de actividades na Aula Profesional, dirección de TFG, ...). No periodo que solicita realizou dous cursos do PFID.

PROPOSTA: Informar como Favorable a solicitude.